

SESIÓN ORDINARIA DE 24 DE OUTUBRO DE 2.014

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 24 de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

A concelleira D^a María Begoña Seco Varela incorpórase durante o debate do punto quinto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2013

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 25 de setembro de 2014.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O Alcalde propón aprobar a seguinte modificación do inventario municipal de bens e dereitos:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 47

NOMBRE: SOLAR EN PRAZA DO CONCELLO

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Solar (solo urbano consolidado)

Prescripción: patrimonial

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo / lugar: Praza do Concello s/n

Linderos: Norte, Plaza del Ayuntamiento; Sur, resto de la finca que fue segregada y hoy pertenece a los señores de Cedrón; Este, resto de la finca que fue segregada y hoy pertenece a los señores de Cedrón; y Oeste, huerta de los herederos de Juan Montes.

SUPERFICIE: 319 m2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Acordo de adquisición de parcela adoptado pola Xunta de Goberno Local de data de 11/04/2014, e elevado a escritura pública ante a notaria de Lugo Monserrat Trigo Mayor.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: FINCA 8338, Tomo 1058, Libro 73, Folio 180.

REFERENCIA CATASTRAL:

3031202PH1733S

VALOR ACTUAL: 43.000 euros”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de modificación transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO: DELIMITACION DO NÚCLEO RURAL DE ALVITE

O Alcalde do Concello defende a proposta de aprobación:

“Con data de 26 de outubro de 2012 aprobouse inicialmente un proxecto de modificación das normas subsidiarias do Concello de Outeiro de Rei. A resultas da tramitación posterior, sinaladamente do trámite de información pública e dos informes sectoriais emitidos, formúlase unha nova proposta de delimitación, na que se introducen as modificacións sinaladas nos informes sectoriais e se desglosa en tres proxectos o proxecto inicialmente presentado, co gallo de reflectir a realidade dos asentamentos.

O proxecto de delimitación do núcleo de Alvite foi redactado e informado favorablemente, tanto polo Secretario do Concello coma pola arquitecta municipal.

Por outra banda, o Pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou inicialmente dito proxecto de modificación, tralo cal iniciáronse os correspondentes trámites de información pública e de solicitude de informes sectoriais.

Rematado o prazo de información pública, así coma de emisión dos informes sectoriais solicitados, procede aprobar provisionalmente a proposta de planeamento, co galla da súa remisión á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

En consecuencia PROPOÑO ao Pleno da Corporación municipal:

Primeiro: Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual das NNSS de planeamento denominado “Proxecto de delimitación do núcleo de Alvite”.

O voceiro do grupo municipal socialista remítese ao debate do anterior pleno onde se aprobou provisionalmente a delimitación do núcleo da Franca.

O mesmo fai o voceiro do grupo municipal do BNG, quen considera que, para evitar estas modificacións rexidas por criterios arbitrarios o que se debe facer é un novo planeamento municipal que poña fin aos problemas urbanísticos do Concello.

O Alcalde replica que non existe unha actuación arbitraria, senón unha actuación municipal perante un problema que xurdiu e ao que debemos dar resposta. Pero non comparte a proposta de facer un novo Plan Xeral, xa que implicaría unha redución sustancial do solo edificable no concello, cun evidente perxuízo aos veciños deste Concello.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional de modificación puntual das NNSS de planeamento denominado “Proxecto de delimitación do núcleo de Alvite”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DA TERRA CHÁ

O sr. Alcalde plantexa a proposta de aprobación da modificación dos estatutos da Mancomunidade da Terra Chá, e que foi consensuada por todos os representantes dos Concellos no Pleno da Mancomunidade celebrado o día 22 de setembro de 2014 co gallo de dar cumprimento á Disposición Transitoria Undécima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

A proposta de modificación é a seguinte:

“Artículo 3º.- Fines.

Son competencias de la Mancomunidad de Municipios da Terra Chá, las siguientes:

a). Evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación de riesgo o exclusión social.

b) Promoción del deporte en el ámbito de la Mancomunidad.

c) Parque de maquinaria para obras públicas y servicios municipales.

d) Promoción de la cultura y valores productivos, turísticos y etnográficos comunes de los municipios mancomunados.

e) Asistencia técnica y administrativa a los municipios mancomunados para el ejercicio de las siguientes competencias y servicios municipales:

- Gestión y recaudación tributaria.

- Gestión administrativa. En particular: administración electrónica y contratación conjunta.

- Planeamiento, gestión y disciplina urbanística.

- Protección de la salubridad pública y del medio ambiente urbano.

- Prestación de los servicios municipales de recogida y tratamiento de residuos.

- Prestación del servicio municipal de abastecimiento domiciliario de agua”.

Engade que a Mancomunidade ven funcionando correctamente dende fai anos e que considera convinte para os intereses do Concello continuar nesta línea de colaboración.

Respecto da supresión do servizo de matadoiro municipal, afirma que se trata dun servizo que nunca se prestou e non existen visos de que se preste, por iso se suprimiu.

Asemade, informa que non se prestan na actualidade algunha das funcións que se atribúen á Mancomunidade na proposta, pero que existe a posibilidade de que se presten nun futuro.

En calquer caso, de seren necesario no futuro a ampliación do eido competencial, sempre se poderá facer unha nova modificación estatutaria.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregunta porqué non se prevé a prestación do servizo de matadoiro.

O Alcalde resposta que nunca se prestou nin se plantexou nin se prevé prestar este servizo, e que nin tan sequera os concellos grandes están a prestalo na actualidade, e quenes o prestaban deixaron de facelo.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación de modificación dos estatutos da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CON NÚMERO DE REXISTRO 3540.

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción presentada con número de rexistro 3540, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á XESTIÓN DA CONCESIÓN DE PERMISOS PARA A RETIRADA DAS ÁRBORES SECAS DAS REIBEIRAS DOS RÍOS DO CONCELLO

ESPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta perfectamente coñecida a situación existen nas ribeiras dos ríos do Concello, onde existen centos de árbores, fundamentalmente ameneiros, totalmente secas debido a unha praga que os está a afectar. A corta destas árbores, aínda que sexa para un aproveitamento como leña, é un traballo en moitas ocasións moi dificultoso e, ademais, levan consigo unha serie de complicados trámites administrativos ante a Confederación Hidrográfica e ante a propia Xunta de Galicia.

A presenza destes árbores nas ribeiras provoca unha serie de consecuencias negativas perfectamente coñecidas polos vecinos e veciñas. Enumeramos algunhas destas:

-Riscos reais para as persoas que poidan transitar polos camiños das ribeiras, pois algunhas destas árbores caen a cachos segundo se van secando.

-Destrucción das propias ribeiras, pois noutros moitos casos son as propias “cepas” coas raíces asociadas as que se desprenden cara o río, levando consigo unha boa parte da ribeira e deixando a esta totalmente desprotexida cara as correntes existentes, sobre todo no inverno.

-Provoca unha visión estética totalmente “apocalíptica” nalgúns tramos de río ao ver a maioría do arboredo de ribeira totalmente seco e con aparencia “fantasmal”, producíndose ademais esta situación en zonas protexidas como Reserva da Biosfera e que representan un dos principais atractivos para visitar o noso concello.

-Estas árbores que caen ao río, en anacos ou enteiras, baixan polo seu leito quedando normalmente atascadas nos ocos das pontes ou nos caneiros, provocando danos nestes e aumentando considerabelmente o risco de riadas.

Do mesmo xeito, de forma tradicional esta madeira era utilizada como leña polos vecinos e veciñas das zonas correspondentes, demanda de uso que está a aumentar máis debido á crise que estamos a vivir e a subida imparábel dos compoñentes enerxéticos que nos impón o goberno.

Aínda así, a realidade é que nos últimos anos este uso está a diminuír dada a esixencia de complicados trámites para obter os permisos correspondentes e á persecución que desta actividade tradicional levan a cabo os axentes forestais da Xunta de Galicia.

Se estes trámites se facilitaran ou cando menos se fixeran máis próximos, seguro que moita desta leña ía ser aproveitada polos propios donos das fincas limítrofes, cumprindo unha dobre función: aforro en combustibles para as veciñas e veciños e, ao mesmo tempo, a limpeza das ribeiras dos ríos.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que se fagan os trámites correspondentes ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e ante o Servizo de Espazos Naturais da Consellería do Medio Rural da xunta de Galicia para que autorice ao Concello de Outeiro de Rei a retirar estas árbores secas e que, deste xeito poida outorgar os permisos necesarios aos veciños ou veciñas do Concello con fincas limítrofes a retirar como leña estes árbores secas, ou outros que poidas estorbar.

Así mesmo, pasado un tempo prudencial, que o propio Concello retire as árbores que quedan, ben directamente ou ben mediante acordos ou convenios coas Administracións Públicas implicadas”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen afirma que existe un deterioro importante das beiras do río a consecuencia, tanto dos requisitos administrativos de xestión, coma dos usos dos terreos adxacentes aos cursos fluviais. Pero este problema non se cinxe aos ameneiros, aínda que agora se fale deles pola plaga que os atinxe, senón á totalidade da xestión da biomasa das beiras dos ríos, e que, entre outras cousas, impiden unha axeitada iluminación dos cursos fluviais. Por iso parécelle ben a proposta.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Begoña Seco Varela.

O Alcalde dá conta de que, dende o Concello, xa se tratou perante á Confederación Hidrográfica unha solicitude de autorización xenérica para a xestión da biomasa nas beiras do río. Asemade, implantouse un plan piloto en Santa Isabel para a retirada de madeira seca.

E co compromiso da Confederación, e se a Xunta de Galicia, concretamente Medioambiente, xa que as beiras dos ríos atópanse neste concello en Rede Natura, presentárase unha solicitude de autorización xenérica para facer estas actuacións.

Agora ben, o que non é procedente é que sexa o concello quen asuma a xestión da biomasa das parcelas privadas nos seus lindes cos cursos fluviais. E non se comprende cómo se formula esta moción cando unha Administración concreta: a Deputación provincial, é a titular de máis de dez quilómetros de ribeira que ten, precisamente, en estado lamentable.

Insiste en que o Concello xa acadou o compromiso da Confederación Hidrográfica para acadar unha autorización xenérica e que agora estamos á espera da Consellería de Medioambiente, que xa fixo un plan piloto en Santa Isabel para avaliar os efectos deste xeito de actuar.

O voceiro do BNG afirma que manterá a moción e afirma que, descoñecendo os criterios técnicos da Consellería, considera de sentido común que a árbore seca no río produce máis dano que o que se pode facer si se retira.

Por outra banda, se a Deputación ten dez quilómetros de ribeira foi porque o sr. Cacharro tivo a teima en mercar as ínsuas de Cela –non se sabe ben para qué- pagando prezos ridículos en moitos casos. Os sucesivos equipos de goberno da Deputación víronse con ese terreo, sen ter a qué adicalo e sen cartos para conservalo. É algo parecido ao que sucedeu coa cidade da Cultura.

O Alcalde afirma que o voceiro do BNG acadou a incoherencia total. Xa que a Deputación leva oito anos gobernando e ten as ínsuas abandonadas e, nembargantes, solicita que a xestione o Concello. É dicir, di que a Deputación non pode soportar economicamente manter dez quilómetros de ribeira, e por iso, o Concello debe mater a ribeira de todo o termo municipal.

Afirma que a situación actual débese a que os terreos son, en moitos casos, de xente maior que non pode facelo, e por outra banda, as dificultades administrativas son moitas. Por iso o Concello está a promover ante as outras administracións para que polo menos, o aspecto relativo á xestión administrativa poida resolverse facilmente.

Pero o que non se pode facer é que unha Administración esixa que os particulares desbrocen as súas parcelas e, nembargantes, non desbroza as propias. E isto é o que pretende o voceiro do BNG, pedindo que os demais desbrocen as propiedades da Deputación.

Por estas razóns non poden apoiar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CON NÚMERO DE REXISTRO 3541

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción presentada con número de rexistro 3541, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presente a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA AO RETRASO NO APAGADO DO ALUMEADO PÚBLICO ONDE EXISTEN PARADAS PARA COLLER O AUTOBÚS ESCOLAR DO IES DE RÁBADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Outeiro de Rei é un Concello eminentemente rural, onde as dificultades existentes para os nenos e nenas para desprazarse ata os centros de ensino son unha realidade. Garantir o dereito a unha educación de calidade e en igualdade de condicións e oportunidades ten que ser algo irrenunciábel, ademáis dunha obriga, para calquera Administración e para o que ten que poñer todos os medios á súa disposición.

Tamén é unha realidade que as distancias entre motios puntos do Concello e os centros educativos de referencia son en moitos casos demasiado elevadas, tendo que coller o alumnado os transportes escolares bastante antes do comezo das clases. Ademáis disto, a hora de comenzo das clases no IES “Río Miño” de Rábade, instituto de referencia para secundaria no Concello de Outeiro de Rei, é bastante cedo, ás 8:30 horas.

Esta situación provoca que moitas nenas e nenos teñen que coller o autobús escolar deste instituto totalmente de noite e con total oscuridade dado que os farois do alumeado público xa están apagados. Ademáis disto, en notias ocasións estas nenas e nenos teñen que desprazarse ata as paradas por camiños en malas condicións, cheos de auga, e tamén sen ningún tipo de luz. Coas consecuencias lóxicas negativas que isto provoca para as nenas e nenos.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que se proceda a facer un estudo das horas de apagado do alumeado público onde existen paradas dos autobuses escolares do IES “Río Miño” de Rábade, procedendo a retrasar a hora de apagado dese ata que o citado autobús recolla ao alumnado ou ata que sexa completamente de día. Esta situación deberá garantirse, cando menos, durante o período do curso escolar.”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen pregunta qué horario ten o alumeado público e se éste se modificou.

O Alcalde resposta que si que se modificou, xa que fai uns dous anos, perante o elevado do gasto en alumeado público, comenzouse a facer estudos sobor eficiencia enerxética, tralo cal se decidiu retrasar o encendido, e tamén se considerou apagalo pola noite nunha determinada fanxa horaria, decisión esta última que non se tomou polas repercusións na seguridade.

Ao axustar o horario do alumeado, nalgúns momentos a visibilidade non é a óptima, se ben dende fai uns meses iniciouse a substitución de todo o alumeado por baixo consumo, o que permitiu voltar a programar o alumeado co horario anterior.

A día de hoxe xa se está a correxir en todo o termo municipal e deben quedar poucos alumeados públicos por facelo, o que permitirá solventar todos estes problemas.

En calquer caso, o horario debe ser o mesmo para todos, haxa ou non paradas escolares, xa que é un servizo público esencial e sería moi complexo identificar perfectamente todos os alumeados afectados. E pon coma exemplo os traballadores que van camiñando aos seus postos de traballo, que tamén necesitan do servizo ao igual que os escolares.

Insiste en que, co novo alumeado de baixo consumo, logrouse rebaixar o consumo eléctrico e, por este motivo, xa se está a reprogramar o alumeado para ampliar o horario de encendido.

O voceiro do BNG dí que o problema non está correxido a día de hoxe.

O voceiro do PP afirma que está en vías de corrección, e que xa se correxiu na meirande parte do termo municipal, pero advirte que pode haber averías puntuais que fagan que os alumeados non funcionen e, coma sempre, tan pronto se detecten se arranxarán.

O voceiro do BNG insiste na conveniencia de facer un estudo da situación, xa que a día de hoxe o problema existe, e se o concello ten capacidade para ampliar o horario en todo o termo municipal parécelle ben.

A continuación se suceden intervencións dos voceiros que reiteran os plantexamentos expostos.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO SOCIALISTA CON NÚMERO DE REXISTRO 3220

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con número de rexistro 3220, e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A ESTENDER O SUBSIDIO POR DESEMPREGO ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMA OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE INSERCIÓN

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias día a día váiase esgotando.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das cales só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación. O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que “todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo; á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo”.

Para as persoas desempregadas que, malia a súa vontade, se ven impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que “Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego.”

Segundo a Enquisa de Poboación Activa referida, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademais do dereito ao traballo, tamén se lles conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supón unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas delas son persoas en desemprego de longa duración con reponsabilidades e sen

ningún tipo de ingreso económico. Segundo a Enquisa de Poboación Activa mencionada, máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros no paro e carecen de todo tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar, ademais, que esta pobreza tan severa e sobrevida a estean a padecer de forma moi directa os nenos e nenas cos seus proxenitores no paro. Os organismos internacionais como UNICEF estima en máis de 2 millóns o número de nenos e nenas españois en situación de pobreza.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordó co inequívoco mandato do art. ° 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

Levamos máis de seis anos de profunda crise, segundo as previsións de organismos internacionais e do propio Goberno, nin tan sequera en 2017 se terá recuperado o volumen de emprego existente en 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuáis, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuíu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Goberno asestou á protección por desemprego a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, e do Real Decreto-lei 23/2012, de 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58 por cento das persoas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego. Se se continúa coa mesma dinámica, ao final de ano o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesar de que a cefra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro continúa en niveis intolerables.

Agora ben, ademais destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren a desprotección e teñen serias dificultades para encontrar emprego. Son as mulleres vítimas de violencia, as persoas con minusvalidez e as persoas maiores de 45 anos que, unha vez que esgotaron a Renda Activa de Inesrción, non teñen acceso a ningunha prestación.

O Grupo Socialista, a través desta Proposición non de Lei, e en consonancia con acordo alcanzado coas Organización Sindicais UGT e CC.OO. na Mesa de Diálogo Social que por fin abriu o Goberno, insta a este a ampliar a protección por desemprego, a través de subsidio por desemprego, regulado na Lei da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexistativo 1/1994, do 20 de xuño (LGSS)

Trátase dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta porfunda e porlongada crise.

A través desta Proposición non de Lei esíxese que se garanta o dereito constitucional a unha protección por desemprego mediante o acceso ao subsidio por desemprego a todas as persoas que leven máis dun ano inscritas como paradas, sempre que teñan responsabilidades familiares e carezan de ingresos. E tamén se estende ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas con dada a súa especial vulnerabilidade e dificultades de inserción.

O subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples Mensual (IPREM), vixente en cada momento, na actualidade 426 euros mensuais. Dado que este subsidio non está vinculado a anteriores cotizacións senón á carencia de rendas superiores ao 75 por cento do SMI, a súa contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Agora ben, a devandita contía aumentarase en cen euros cando houbese fillos ou fillas menores de idade.

Tamén instamos ao Goberno a que financie a contratación de técnicos e técnicas de emprego polos Servizos Públicos de Emprego, co fin de reforzar a atención individualizada, e así facilitar a incorporación ao emprego das persoas en desemprego de longa duración, dadas as súas dificultades de inserción.

Estas medidas debe adoptalas o Goberno de forma inmediata e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas en desemprego con responsabilidades familiares.

Agora que o Goberno anuncia o cambio de conxuntura económica non é posible deixar as principais vítimas da crise en desamparo, coma se se tratase dunha xeración esquecida.

É necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas e protección e de activación de seu empleabilidade.

As medidas que propoñemos poderían alcanzar máis dun millón de persoas paradas, na súa maioría con responsabilidades familiares, que nestes momentos non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de OUTEIRO DE REI somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao Goberno de España a:

1. Modificar, de forma inmediata e con carácter urxente, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, para que, a partir do 1 de agosto de 2014, se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de

xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anterior indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se encontrasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude do dereito á admisión ao devandito Programa.

Este subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manteráse ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples mensual vixente en cada momento. Esta contía percibiráse a súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez a contía do subsidio incrementárase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzan a menores de idade, esta contía incrementárase en 100 euros por menor. A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente alguna prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

3.O Goberno implementará de xeito inmediato coas Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

4.Este Plan incluírá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novos técnicos e técnicas de emprego para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, com mínimo, deberá alcanzar as 3.000 persoas expertas en orientación e promoción de emprego.”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen afirma que o desemprego é un problema estrutural que non se atalla cunha axuda. Descoñece até que punto o Estado Español ten capacidade para facer algo dado o volume de endebedamento actual. Tal vez priorizando gasto, como por exemplo disminuindo o gasto en defensa. Por outra banda, que dende o Goberno dise que se está a traballar para que esta situación mellore, pero a realidade é que o desemprego apenas diminúe e o fai no sector servizos, onde non se crea riqueza.

O voceiro do PP afirma que o gasto en defensa tamén é importante. E pon coma exemplo a construción de buques en Ferrol e toda a problemática que xurde cando defensa non encarga barcos, xa que o gasto en defensa ten unha grande relevancia na xeración de emprego.

Respecto do problema de desemprego, recorda que co Goberno socialista multiplicouse por dous o endebedamento do país e máis o número de parados, polo que a situación que herdou o actual goberno é moi difícil e, a pesares delo, o está a enderezar.

O Concello, neste escenario, está a facer o que pode: actualmente está a desenvolver un programa de formación a desempregados, e tamén o Goberno do Estado, que incrementou a prestación a parados de longa duración (os 426 euros), e mantén a Risga.

A situación é difícil, pero as medidas que se están tomando están a producir efectos, diminuindo pouco a pouco o desemprego ou reducindo os custes de endebemento, que permite liberar recursos para a atención social.

Polo tanto, o actual Goberno está a adoptar as medidas necesarias, enderezando a situación catastrófica á que nos levou o Goberno Socialista, e existe un sistema razoable de protección social que está a funcionar.

O voceiro socialista considera que o incremento de gasto que se propón é perfectamente asumible nos orzamentos xerais do Estado.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que á xente non se lle pode abandonar á súa sorte. Non se pode ser insensible coa situación das familias e haberá que buscar os cartos noutras partidas, priorizando gastos.

O voceiro do PP insiste no exposto anteriormente, no esforzo que se está a adoptar para enderezar a situación, no feito de que se están a deixar ver os esforzos e no gran esforzo adoptado por este Goberno en manter –e incluso mellorar- o sistema de protección social a pesares da crise económica.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO SOCIALISTA CON NÚMERO DE REXISTRO 2143

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con número de rexistro 2143, e do seguinte teor literal:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA EXIGIR LA INMEDIATA RETIRADA DE LAS ENMIENDAS DEL GRUPO PARLAMENTARIO DEL PARTIDO POPULAR A LA ILP PARA GARANTIZAR LA PRESTACIÓN DE LAS ESPECIALIDADES DE HEMODINÁMICA, RADIOTERAPIA Y MEDICINA NUCLEAR EN IGUALDAD DE CONDICIONES PARA TODA LA CIUDADANÍA GALLEGA CON INDEPENDENCIA DE SU LUGAR DE RESIDENCIA EN GALICIA

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El pasado 25 de marzo un portavoz de la comisión promotora de la ILP para garantizar la prestación de las especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdad de condiciones para toda la ciudadanía gallega con independencia de su lugar de residencia en Galicia, presentó ante el Parlamento una modificación de la ley de salud gallega que, en esencia, buscaba garantizar la igualdad de todos los ciudadanos ante el acceso a servicios sanitarios.

El texto presentado sólo pretendía añadir un artículo a la Ley 8/2008, de 10 de julio, para garantizar los servicios de hemodinámica, radioterapia y medicina nuclear en cada una de las provincias, siguiendo la máxima de la igualdad indistintamente de la provincia de residencia.

Aunque el Partido Popular estuvo jugando con los tiempos y analizando en clave electoralista cual era la mejor opción, finalmente, decidió sumarse al resto de grupos para apoyar de forma unánime la iniciativa Legislativa Popular impulsada desde la ciudadanía de Lugo.

Sin embargo y, ante la sorpresa y estupor de todos los gallegos, el Partido Popular ha presentado numerosas enmiendas a la iniciativa vecinal, que no sol desvirtúan la petición inicial, sino que parapetan al Presidente de la Xunta Alberto Núñez Feijoo en su discriminación a 350.000 ciudadanos por el hecho de residir en la Provincia de Lugo.

El Partido Popular ha presentado un total de seis enmiendas a la Ley para garantizar la prestación de las especialidades de hemodinámicas, radioterapia y medicina nuclear en igualdad de condiciones para toda la ciudadanía gallega con independencia de su lugar de residencia en Galicia, con el único propósito de enmendar su propia votación en el Parlamento el día 25 de marzo.

Como si de un error se tratase, el PP ha vuelto a manifestar su cinismo aprobando una ley para luego ponerse totalmente en contra, cambiando el título de la misma por uno de carácter más técnico: “Lei pola que se modifica a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de Garantías de Prestacións Sanitarias”. Pero además, Feijóo quiere cambiar hasta el alma del mismo texto legislativo sustituyendo la exposición de motivos que arrojaba cifras sobre la mortalidad vinculada a la no disponibilidad de los servicios en Lugo.

Además, y lo que es más grave, el Partido Popular que apoya una ley en el Parlamento para modificar la Ley 8/2008 de Salud de Galicia, decide enmendar la propuesta para mudar una ley diferente de la inicial; pues proponen añadir un título y

artículo a la Ley 12/2013 de 9 de diciembre, de garantías de Prestaciones Sanitarias, que difiere en contenido de la aprobada por el Bipartito.

El Partido Popular no sólo ha pretendido ocultar su maniobra, sino que ha jugado con la población lucense apoyando la exigencia a la Xunta de Galicia de que los lucenses cuenten con los mismos servicios sanitarios que el resto de territorios, enmendando hasta los plazos de puesta en marcha de los servicios. Así, los lucenses asistimos atónitos a como el mismo partido vota un día que la hemodinámica llegue a Lugo en un plazo máximo de seis meses y, que la radioterapia y medicina nuclear estén disponibles en un máximo de un año, y al día siguiente propongan lo contrario alargando los plazos de ejecución de los servicios hasta un homogéneo y etéreo 18 meses, que se suman a los tres años transcurridos desde que Feijóo prometió la dotación de estos tratamientos.

Por último, las enmiendas de Feijóo no sólo cambiaron los plazos para garantizar la dotación, sino que además, vaciarán de contenido los servicios exigibles. Mientras en la ILP exigía un mismo servicio en igualdad de condiciones para las provincias gallegas, que en la práctica era dotar al Hula de hemodinámica as 24 horas; Núñez Feijóo afirma en sus enmiendas que todas las provincias dispondrán de procedimientos de hemodinámica, radioterapia y medicina nuclear en Galicia. Aunque esos llamados procedimientos ya existen para todos los ciudadanos de las provincias, la diferencia es que el lucense sólo puede acceder a ellos a través de los hospitales de Coruña y Santiago.

Por lo expuesto, y ante la insensibilidad y cinismo del Partido Popular, que es capaz de votar a favor de la ILP de los lucenses para luego enmendar y desvirtuar la misma a través de enmiendas al texto presentado por la ciudadanía, el Grupo Municipal Socialista del Concello de Outeiro de Rei, somete a pleno la siguiente MOCIÓN

- O Concello de Outeiro de Rei manifiesta su más rotundo rechazo a las enmiendas presentadas por el Partido Popular a la Proposición de Ley de iniciativa popular para garantizar la prestación de las especialidades de hemodinámica, radioterapia y medicina nuclear en igualdad de condiciones para la ciudadanía gallega con independencia de su lugar de residencia en Galicia.

- O Concello de Outeiro de Rei exige al Grupo Autonómico del Partido Popular la inmediata retirada de las enmiendas a la ILP de la Plataforma vecinal por considerar que dicha propuesta de Ley aglutinó un amplio consenso para su desarrollo reflejado en la unanimidad de la votación”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen recorda a prestación de estas especialidades foi unha promesa política de Feijoo que quedou esquecida co paso do tempo, e tan só coa presión popular volta a poñerse enriba da mesa. E considera que, coma toda promesa política, debe cumprirse.

O voceiro do grupo municipal popular afirma que o seu partido xa se mostrou a favor da prestación deste servizo en Lugo e votou en consecuencia. Agora ben, tamén plantexa que, para ter servizos de primeira calidade, as veces o mellor xeito é dispor de centros moi especializados, xa que si se pretende ter de todo en todas partes, probablemente non seremos capaces de que os servizos sexan os mellores.

En calquer caso, está seguro que Feijoo cumprirá a súa promesa e se prestarán estes servizos en Lugo. E recorda que co goberno de Feijoo empregáronse 40 millóns de euros para rematar o Hospital e 47 para equipalo. E este esforzo inxente debe comprenderse nun escenario económico no que os orzamentos xerais da Xunta reducíronse ano tras ano, para devolver os 2.600 millóns de euros que gastou por anticipado o bipartito do PSOE-BNG trala liquidación dos tributos do Estado do Goberno de Zapatero.

Por outra parte, recorda para a prestación de algún de estos servizos se require do beneplácito do Consejo de Energía Nuclear, e que pode retrasar a súa implantación.

Finaliza afirmando que o servizo se vai implantar, pero invita a todos a reflexionar sobor a conveniencia de implantar un modelo no que non todos os hospitales fagan de todo, senón en establecer unha rede de hospitales altamente especializados que garantan a mellor prestación posible dos diferentes servizos.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que algún dos servizos, coma a radioterapia, poden prestarse sen necesidade de ter un hospital de referencia, e con elo afórranse aos doentes os graves inconvenientes do desprazamento diario, ou o retraso da atención en caso de infarto.

O voceiro do BNG considera que o PP votou a favor da iniciativa pola presión popular, non por outro motivo, e tamén recorda que o goberno do PP caracterízase polos recortes drásticos na sanidade e no ensino, os dous servizos máis importantes. E todo isto incrementando a débeda pública até niveis nunca vistos. Isto é o que pasa neste país.

O voceiro do grupo municipal do PP considera que, se o bipartito non se gastara esos 2.600 millóns de euros que non lle correspondían, non habería recorte algún de gasto e estos servizos fai tempo que estarían implantados.

Nega que o PP actúe pola presión popular, xa que o PP actúa sempre polo interés dos cidadáns, pero sorpréndese de que o voceiro do BNG saiba o que pensan os demais e porqué actúan.

E termina afirmando que os servizos de hemodinámica e radioterapia se implantarán en Lugo.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

E non habendo máis asuntos, o Alcalde levanta a sesión, sendo ás quince horas e oito minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde